

# A NOSA TERRA



Ano XXXI — Núm. 469

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual 231.457

TARIFA REDUCIDA  
Concesión N.º 2727  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión N.º 2032

BOS AIRES, XUÑO DE 1949

## Lembranza do Plebiscito Galego

Cun entusiasmo desbordante, celebrouse o 13º aniversario do plebiscito no que o noso povo reafirmou a súa personalidade e o seu anxeo de ser autónomo. O teatro do Centro Asturiano atopábase completamente cheo. Un numeroso público, que se desparramaba pol-os pasillos e agolpábase á porta do salón, acudeu con fervor patriótico ao aito orgaizado pol-os Centros Durenán, Coruñés, Lucense, Pontevedrés, Betanzos, A. B. C. de Corcubión e Irmandade Galega.

Espectáculo emocionante era ver aquela moitidade, que chegaba coa fe posta na patria, para asistir a unha festa que non lles ía a dar os acostumados deleites dos "pic-nis", dos bailonges e das distintas diversións que tanto abundan nas nosas sociedades. Alí latexaba a alma dun povo, canso de ser escravo, que quería amosstrar os seus nobres ideais, dando un mentís aos probes de espírito e aos charlatáns alquilóns, que coídan que sño se moven as rentes pol-os os intreses mezuquinos, como eles fan. ¡Non morren o galeguismo! Cada vez máis forte e puxante, arrolará a todol-os que se atrevesen no seu camiño e barrerá a todol-os monecos de trapo e cabalos de cartón que se lle poñan diante.

### COMENZA O AITO

Dou comenzo a magna asamblea co Hino Galego, cantado pol-a coral "Terra Nosa", que dirixe o afamado mestre Isidro Maiztegui. O público, que escoitou de pe o fermoso canto de Pondal, premiou con ferventes aprausos a laboura do dito coro e vivou con entusiasmo a Galiza.

### FALA D. MANOEL PUENTE

Seguidamente, o presidente da comisión orgaizadora, Sr. Manoel Puente, pronunciou unhas atinadas verbas, que foron moi apraudidas, nas que eispricou o significado do aito, loubando ao noso gran persoeiro, o ilustre Castelao, do cal dixo "que foi o home que máis loitou nesta época contemporánea pol-os dereitos de Galiza e que coa súa perseverancia logrou pór na man do povo a arma electoral que lle permitiu aprobar, nun plebiscito glorioso, o estatuto que lle daba a autonomía á nosa Terra".

Despóis, dou lectura a un varil mensaxe que o presidente do Consello de Galiza dirixeu á co-leitividade galega de Bós Aires e que nesta mesma páxina insertamos.

### RECITADOS DE MARUXA BOGA

A continuación a eminente actriz, Maruxa Boga, coa gracia e o sentimento que ela pon sem-

### A co-leitividade galega de Bós Aires celebrou coa meirande eisaltación patriótica a data magna de Galiza. — Elocuentes mensaxes de Castelao e Alfredo Somoza

pre nas nosas cousas, recitou un fermoso poema de Avelino Díaz, titulado "Saúdo", e o rexo canto de Alfredo Brañas "Como en Irlanda", que arrincaron grandes aprausos dos asistentes.

#### DISCURSO DE AVELINO DIAZ

Sigueu o programa co discurso deste distinto irmán e poeta que inframou o espírito dos presentes facendo unha minuciosa reseña hestórica de Galiza, den-

de os primitivos tempos dos cel-tas até terminiar no inmorrente día do plebiscito.

O discurso de Avelino Díaz foi unha crara eisposición de numerosos feitos acaecidos na nosa Terra, lembrando o heroico sacrificio dos que morreron no Monte Medulio e no cemite-rio de Carral, a loita dos irman-diños e a epopeia da reconquis-ta, que comenzou con galegos —Pelaio si non era galego, foi educado en Galiza—; e moitos

feitos máis que demostran que Galiza sempre tivo concencia da súa nazonalidade e que na nosa Terra había un povo disposto a morrer, en total-as ocasións propicias, pol-a defensa do noso dereito a ser ceibe.

Foi un discurso verdadeiramente enxundioso, que o púbri-co aplaudeu longamente, sobor de todo, nas pasaxes en que o orador afirmaba a nosa persoal-idade con probas evidentes, afirmación que, como "leitmo-

## Mensaxe do Presidente do Consello de Galiza D. Alfonso R. Castelao

Amigos e irmáns:

Eu conservaba un testamento antigo, escrito en galego, no que o testader declaraba estar san de corpo e de alma, sen ningunha door física, que lle quitase o entendimento e o xuício. Non é que agora lembre aquel testamento, porque queira deixar fe da miña vontade para que dispóis de morto non haxa contenda sobor dos meus bens, pois nin teño fortuna nin penso que a miña enfermidade sexa mortal. Eu non podo morrer agora, porque aínda teño moito que facer, e a miña vontade de vivir val tanto eu máis que as meiciñas dos médicos. Non; eu lembro aquel testamento porque son escravo d-unha door física que dende fai máis de catro meses non me permite coordinar ben as ideas. Non podo, pois, escribir un mensaxe diño da hora presente. Aseguro que nunca na miña vida tiven tanto que decir e tantos desexos de decilo; pero non podo ordear a materia que dentro de min rebule. E tempo chegará para falar como é debido.

Os meus discursos no día do Estatuto foron sempre crónicas e xuícios d-aquelo que máis preocupaba á nosa co-leitividade. Hoxe o meu discurso sería extenso, e duro de roer para certos monifates. Falaría do republicanismo desterrado de Hespaña, xa caído na máis torpe rutina doutrinaria, que non soupo manter en vilo, a causa máis sensible e apasionante do noso tempo. Falaría dos partidos políticos restaurados no desterro, que sóo sirven para armar fíos. Falaría do goberno hespañol que agoniza en París. Falaría do convenio socialista-monárquico, que non sóo delata o impudor de certos xerifales do socialismo, senón que vai complicando e corrompendo ao esquerdismo hestórico de Hespaña. Falaría, inrusive, do Comité Federalista Hespagnol, que preside Madariaga e o seu elenco de malos cónicos. Falaría extensamente dos varios criterios que reinan no interior de Hespaña e nas espranzas que moitos poñen aínda no talento de Prieto. Falaría da mentalidade dos novos emigrantes galegos, que veñen a enriquecerse cos métodos correntes en Hespaña. Falaría da emigración dos xurelos, con tanto res-peto como falaría da emigración dos galegos de hoxe en día. Pero, a miña atención deteríase principalmente, nos varios acaecimentos que padeceu, e sigue padecendo a co-leitividade galega de Bós Aires. De todo isto falarei cando me repoña da enfermidade que agora me ten pos-

trado, e xuro que non me coutará ningunha consideración; pois estou no segredo das manio-bras, e coñezo ben aos alacrás que as dirixen. O ataque vai contra o galeguismo orgaizado da nosa co-leitividade i en beneficio dos franquistas e monárquicos, que nas Américas soñan con volver a reinar. Esta é unha verdade que non tardará en ser demostrada. E conste que se ataca o galeguismo porque se quer matar o re-publicanismo. O ataque contra o galeguismo orgaizado, é un ataque dirixido principalmente contra o republicanismo. Si algúns pseudo gale-guistas caen n-esa tentación non fan máis que servir ao falanxismo nemigo de Galiza.

Ningún home de ben negará que os galeguis-tas sacrificamos moitas veces o noso galeguismo en aras do republicanismo; pero ocorre que os republicáns específicos non erguen a súa voz para recoñecelo. Isto quer decir que os repu-blicanos específicos carecen de sentido político, porque o día que o galeguismo da nosa co-leiti-vidade desaparecese, desaparecería o mellor ba-luarte do republicanismo en América. Podo de-oir, ademáis, que o día que o noso movemento galeguista e republicán se quebrante, ese día sairán da escuridade os falanxistas hespañes, porque os republicáns a secas teñen menos co-raxe para defender a República que os galeguis-tas. Velahí por qué eu, no día de hoxe, denuncio como traidores a cantos sementan a discordia na nosa co-leitividade, inxuriando e calumniando ao galeguismo, co único obxeto de servir aos nemigos da República democrática e liberal.

Que se me perdoe que non sexa máis eistenso, pero deixo así mañifestado, moi apretadamente as razóns básicas da inorme importancia que ten o galeguismo orgaizado, non somentes para de-fender os dereitos de Galiza, senón para defen-der tamén as esencias do republicanismo, que non poden ser outras que a democracia e a li-berdade.

Por riba da desagable crónica e da dura crí-tica que eu podía facer hoxe da actualidade, queda, non embargantes, a miña espranza no bó sentido galego, e quero deixar testimoño da miña fe rexa no trunfo dos nosos ideaes, que non se limitan ao conqwerimento d-un simple Estatuto otorgado pol-o Estado Hespagnol, senon d-unha Autonomía integral para Galiza dentro d-unha Confederación Hispana.

Dende o meu leito de enfermo envío, n-iste día memorable, afervoados saúdos a tudol-os patriotas galegos.

tiv", fixo resaltar o Sr. Díaz en distintos períodos do seu erudi-to discurso.

### CANZONS E VERSOS

Lógo a coral "Terra Nosa" fi-xonos escoitar unhas fermosas e ben entoadas canzáns da nosa patria, que foron apraudidas afervoadamente por todos e feitas repetir con entusiasmo.

De seguida, o varil recitador Luis López (Lito, como se lle chama con agarimo) recitou os famosos versos de Ramón Ca-banillas, "En Pé", que os asis-tentes apraudiron frenéticame-te; e a continuación dixo admi-rabelmente os sentidos versos do poeta Antón Zapata García. "Campana da Berenguela", ver-sos que falan da emoción pa-triótica do autor cando se reci-beu en Bós Aires a notiza da aprobación do plebiscito. Foron asimesmo moi apraudidos.

### VERBAS DE NUÑEZ BUA E MENSAXE DE SOMOZA

Ocupou logo a tribúa o dou-ctor Núñez Búa, quen coa súa verba quente e sinxela, relem-brou a lenda mística da caixa de Pandora, que espallou os maes pol-o mundo cando foi aberta; pero ficando no fondo dela a espranza, que é a que alenta aos posos e dalles a fe necesaria para seguir crendo que algún día serán realizados os nosos anxeos.

E despóis de botarlle en cara aos políticos o que no desterro sigan coas súas vellas intrigas e manio-bras, que sóo sirven para desacreditalos, entoou un-ha loubanza aos emigrantes que eiquí souperon labrarse un por-vir sen descoidar por eso o sagro nome da nosa Terra; e que él pol-a súa parte, non se considera como un desterrado político, senon como un emi-grante de terceira.

Acalados os aprausos que re-compensaron a cálida oración de Núñez Búa, éste leu o emotivo mensaxe que o deputado galego, Alfredo Somoza, imposibilitado de concurrir ao aito, enviou dende Montevideo, que noutro logar deste número se repro-duce.

### ALONSO RIOS CLAUSURA O AITO

O segredario do Consello de Galiza, o fegoso deputado agrario por Pontevedra, Antón Alon-so Ríos, ergueuse para cerrar o aito. Unha gran salva de aprau-sos saludou a presenza do vello e incansabel loitador galego, quen escomenzou dicindo o que se debía entender por autono-mía, que para uns tratase dun-ha autonomía administrativa, para outros dunha autonomía política e para moitos nos cuas

(Continúa na pág. 4)





Morreu Don Ale. O famoso outrora emperador do Paralelo deixou este pícaro mundo despóis dunha vida de axitación e de aventuras.

Nunca quixemos mal ao Sr. Lerroux; sempre nos inspirou certa simpatía pol-o desparpaxo de pillabán que tiña. No fondo non era mau.

Demagogo e comecegos nos seus comezos, cando en zapa-tillas e sen camisa andaba por Barcelona facendo bulla; eisilado máis tarde na Arxentina pol-os sucesos da semana tráxica; cola-borador logo coa monarquía, até o punto de que se lle atendían as recomendacións para dar mandos de reximentos; membro do comité que traballou pol-o advenimento da República e ministro de Estado do primeiro goberno da mesma, termiñou ao cabo por xuntarse co malfadado Xil Robles, e antre os dous, preparar o camiño para dar a puñalada que acabou co réxime que o povo legal e libremente habíase dado.

Por medo aos falanxistas, que non lle perdoaban certos antecedentes e tiñanlle xenreira pol-a súa anterga posición anticlerical, cando trunfou a "groriosa revolución salvadora", foise prudentemente para Portugal, onde resideu hastra fai pouco que regresou a Madrid, co visto bó do caudillo.

Sentimos a súa morte, como sentimos a de todo ser humán, pero aos nosos beizos asoma unha leve sorrisa ao pensar que fino, recibindo os santos sacramentos e a bendición papal. ¡Todo sexa por Deus!

R. I. P.

Según un xornal de Nova York, o goberno franquista anda en tratos con funcionarios do Departamento de Educación de Norteamérica para un intercambio cultural, e a este efecto, en-viaríanse varias coleccións de cadros do Museo do Prado.

Mais o verdadeiro fin do pran falanxista —agrega o dito xornal— sería financiar un empréstito de 200 millóns de dólares.

Hai quenes se indinan por esta aitude antipatriótica do amo da Hespaña; outros negan a veracidade da noticia por parecerlles absurda. Nós non-os indinamos nin duvidamos de nada. Todo o que veña por ese lado, os maores disparates, mrescenos toda a fe.

¿Acaso non se hipotecou a nación para facer unha guerra civil? ¿Acaso non se condena un povo a unha eistencia miserábel, de tuberculosis e fame, sóio por soste un réxime apodre-ido, que perdura por obra e gracia da Divina Providencia?

Si se sacrifican os homes, ¿por qué non se han de sacrificar os cadros?

Os falanxistas celebraron en Barcelona unha misa pol-a ialma de Mussoñni. Parécenos moi ben. A lo menos, eles son agra-des-cidos. Si él non fora, ¿onde estarían agora os que disfroutan na Hespaña dun paradiso?

Non oustante, poida que moitos dos que foron á misa mal-dixérano pol-o baixo. ¿Cánto non darían por volver ao inferno do anticristo de Azaña!

A situación económica da Hespaña é catastrófica, atópase ao borde da ruína. Os industriaes cataláns ameazan con cerrar as fábricas, porque están gastando cantidades inxentes para man-ter aos obreiros, que non poden traballar por falla de materias primas. Pero o goberno obriga aos patróns a soste o personal para evitar a desocupacións, que é mala conselleira.

En xeral, total-as industrias están afectadas pol-o mesmo, salvo as que outeñen no país a materia para o traballo. Por outra parte, a desinflación produxo a escasez de moeda para mercar, e pouco importa que haxa cousas baratas se non hai con qué adquirilas.

O goberno á súa vez fai uns presupostos fantásticos, coma dun país que nada na abundancia, e non sabe de onde sacal-o diñeiro para cubri-lo. Hai Ministerio, o de Defensa, poñamos por caso, que insume máis cartos, proporcionalmente, que o do mesmo ramo dos Estados Unidos. Noutro lugar deste número pode ver o leitor a verdade do que afirmamos. Son cifras que asustan.

¿Poderá durar moito esta situación? O que é como non lle boten unha mau os banqueiros estadounidenses, o réxime fran-quista está dando as derradeiras boqueadas. Quizáis non pase moito tempo sen que escoitemos os aies dos que queden sepul-tados no derrumbe.

Pacencia i esperar.

Vánse a acuñar en Hespaña moedas de níquel por valor de cinco pesetas. Ostentarán no anverso o busto do "caudillo" coa seguinte lenda: "Francisco Franco, caudillo de España por la gracia de Dios".

Non sabemos o que pensarán os católicos hespañoes sobor do asunto, referímonos aos católicos verdadeiros, non aos hipócritas que se amparan na relixión para tapar as súas falcastruadas; se-guramente que non verán con bós ollos que se complique a Deus con tal suxeto.

De supor é que a Providencia coide de que o seu nome non ande pol-o chan e sexa manoseado dese xeito por calisquera que non teña empacho de tratalo de tí por tí.

¿Qué dí o seu representante na terra, o Vatican, que per-mañece xordo cando lle convém?

## FERNANDO DE LOS RIOS

En Nova York, onde residía dende que, caída a República, deixou de ser embaixador da mesma, faleceu este célebre político hespañol, que tiña máis de mestre que de político.

En efecto, D. Fernando, como solía chamárselle, iniciou a súa vida pública como profesor na Universidade de Granada; in-gresou logo no partido socialis-ta, foi deputado a Cortes no ano 1919, membro do Comité revolu-cionario de 1930 e por último ministro no primeiro goberno da República.

Non estaba na Hespaña cando estalou a revolta militar; pero apresurouse a poñerse a dispo-sición do goberno republicán, que o mandou de embaixador a Washington.

Morreu o 31 de Maio derra-deiro, despóis de máis dun ano de enfermidade, que o había deixado paralítico e sin fala.

A NOSA TERRA asóciase cordialmente ao sentimento que embarga aos seus familiares e amigos políticos. Era un home honrado e dino da máis outa consideración.

## A Federación celebra a data do plebiscito galego

A Federación de Sociedades Galegas reaizou tamén, o 28 de Xunio derradeiro, un aito en ho-maxe á data de Plebiscito de Galiza, no seu salón da rúa Cha-cabuco 955, con boa cantidade de público asistente.

Autuou o Coro "Rosalía de Castro" que cantou o "Hino Ga-lego" e d-elas canzáns populares galegas.

Recitaron poesías galegas as señoritas Débora Maceira e Lita Suárez e fixeron uso da verba o Director de "Galicia", Xosé Co-belo e o segredario xeral da Fed-eración Antón Alonso Pérez.

Foi un aito patriótico, en re-cordación da data histórica do noso povo, que se sumou aos de-máis aitos reaizados pol-a cole-tividade o mesmo día e co mes-mo fin.

Foi un homaxe máis á Galiza que pensa, traballa e sofre agar-dando a súa liberación.

## CANTARES

*Os mocíños que hai agora son moitos e tratan ben; si estrenan unha chalina xa non falan con ningún.*

*Non te fies, rapariga, no pédreiro que ben canta; é a fariña da pedra que se lle pon na gorganta.*

*Teño unha mazán na ucha que me deu un carpinteiro; hai un ano que a teño, inda non perdeu o cheiro.*

LEA E DIFUNDA

**A NOSA TERRA**

PERIODICO AUTENTICO

GALEGO, QUE DEFENDE

A AUTONOMIA DE GA-

LIZA

## A Economía Franquista

Recollemos nesta folla algunhas cifras presupostarias cuns pequenos comentarios degarando que o povo galego coñeza a ver-dade económica do réxime centralista-feixista de Franco.

En todol-os presupostos hai gastos indispensábeles pro eisis-ten outros que non son fundamentaes, senón transitorios que, cando acadan termos desaguados ás posibilidades do país, atra-fallan os fins esenciaes do mesmo. Taes gastos son os adicados a fins militares e de policía, os aglaiados pol-a crecente burocracia e os destinaados a satisfacer intreses da Débida Pública. Estos gastos non teñen retorno posibel nin determinan o nacemento de novas riquezas e si o aumento dos impostos faise por riba da capacidade económica do contribuinte, esgótanse as rendas na-zonaes e comenza o camiñar deica á ruína e o caos. Ehi agora as cifras:

**PRESUPOSTOS.** — Nos dez derradeiros anos da monarquía —1920 á 1930— o promedio anual do crecemento presupostario acadou a 169.213.561 pesetas.

Nos cinco anos da República —1931 á 1935— o promedio anual de aumentos foi somentes de 175.105.640 pesetas.

O promedio do réxime aitual, tendo como referencia, non o presuposto de enantes da guerra civil, senón o de 1940, acadou até o ano de 1948 a cifra considerabel de 886.001.996 pesetas.

**DEBIDA PUBLICA.** — A República atopouse cunha Dé-bida Pública de 20.114.436.618 pesetas deixando en 1936 un vo-lume de 22.102.621.919 pesetas. E decir, que no tempo que durou a Segunda República o promedio da Débida Pública em-ida anualmente cifrase por baixo dos 400 millóns de pesetas. En tro-ques, dende 1941 a 1948, prodúxose a seguinte situación: no 1941 quedou cifrada a Débida Pública en 28.507.432.542 pesetas. Se-guiu dende ehi o vértigo da velocidade na emisión de emprésti-mos e chegamos ao ano de 1948 cunha Débida que acada a im-peitiza cifra de 51.949.242.128 pesetas, o que supón un incremento anual de 2.930.226.198 pesetas.

Promedio xa superado neste ano de 1949.

**GASTOS DE DEFENSA.** — Os gastos chamados de Defensa Eisterior (Exército, Mariña e Ar) aglaiaron no periodo deste réxime centralista-totalitario a cifra moimental de 30.406.195.323 pesetas.

Resultando un porcentaxe, según os presupostos do 34'3 o/o, cáseque igual ao de Norteamérica, que ten un porcentaxe do 35 o/o (ano de 1948). E decir, ao do país máis rico do mundo, cuio pre-suposto pra 1948 acadou a 44.476.862.051 dólares, con superávit de 4.807.868.058 dólares, e que ten unha balanza comercial que arroxa un saldo favorabel de 14.584 millóns de dólares, namen-tras o presuposto franquista é deficitario, cunha balanza comer-cial contraria e cuns gastos de defensa interior (Orden Pública) moi superiores aos normaes.

**BUROCRACIA.** — O número de xentes que compoñen hoxe a bouza da burocracia franquista e que agabean por todol-os ór-gaos do Estado até chegar a entorpar os seus propios e naturaes movementos, paralizano toda aitude individual, é o seguinte: Defensa Eisterior. Xeraes, xefes, oficiaes, crases, \$ 650.000  
Defensa Interior. Policía, Garda Civil, Policía Ar-mada . . . . . 375.000  
Administración tradicional. Ministerios, Diputa-ción e Consellos . . . . . 425.000  
Burocracia nova feixista-franquista . . . . . 1.650.000

**IMPOSTOS.** — Nos dez derradeiros anos da Monarquía a progresión anual dos impostos acadou un promedio anual de 176.651.297 pesetas. Nos cinco da República ao de 61.430.540 pesetas. Franco nos anos de 1940 á 1948 elevou a progresión anual a increíbel cantidade de 902.987.599 pesetas.

Co as cifras devanditas encol do paradiso económico-franquista faise a demostranza de que a economía do país alcanza ao des-facemento máis abraiante e siriifican o derrumbamento definitivo do réxime unitarista hespañol.

## Xantar do Centro Pontevedres

O domingo 11 do corrente ce-lebróuse un xantar orgaizado pol-o Centro Pontevedrés pra festexar o acontecemento auspi-cioso de haberlle sido concedida a Persoeria Xurídica pol-o Go-berno da Nación Arxentina.

O aito tivo lugar no fermoso Pazo Galego que o Centro Pon-tevedrés posee na veciña locali-dade de Olivos. Viuse moi con-currido, de maneira especial por coñecidas figuras da nosa cole-tividade, e por delegaciós de en-tidads, taes coma: o Centro Ou-rensán, Centro Lucense, Irman-dade Galega, Centro de Sanxen-xo, etc. Coma homenaxe ao pre-sidente do Consello de Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao, que non poido concurrir, impedido pol-a enfermidade que o aqueixa, dei-xouse valeiro o posto que se lle tiña reservado na cabeceira coma invitado de honor no seu caráu-ter de Presidente Honorario da entidade orgaizadora do xantar.

Desenvolouse o aito nun am-biente de afervoadada camaradería. Aos postres, o presidente do Cen-tro Pontevedrés, D. Antolín Dios, en axeitadas verbas, eis-pricou a razón que motivou o xantar e presentou os saúdos da entidade aos concurrentes. Falou logo o segredario do mesmo Cen-tro, D. Cándido González, quen fixo unha emozoada recordazón de Castelao, eisaltando a súa es-grevia figura; a seguido desta-cou o outo siñificado que pra istituzón tiña a Persoeria Xurí-dica que lle foi concedida. Tamén fixeron uso da verba, pra eispre-sar as súas felicitaciós ao Cen-tro Pontevedrés, o presidente do Centro Lucense D. Indalecio Al-varez, o presidente do Centro de Sanxenxo, o señor Antón Alonso e o presidente da Irmandade Ga-lega, D. Manoel Puente quen, en conceutosas verbas, cumpriu co encárrego que lle dera o Dr. Al-fonso R. Castelao de transmitir a súa adhesión ao aito, a que foi recibida con afervoados aprau-sos.



# O Plebiscito Galego

O 28 de Xuño de 1936 é unha data memorabel para o noso povo. ¡Unha data inmorredoiira! Nela o povo galego amostrou a súa soberana vontade de gobernarse por si mesmo.

Desde a execución de Pardo de Cela, condenado a morte por defender as liberdades de Galiza, a nosa patria xacia homillada e sometida á coroa de Castela. Certo que Galiza continuaba chamándose reino; pero quen en realidade a gobernaba era o representante —endexamáis galego— nomeado pol-o rei castelán.

Deste xeito trascurriéron máis de catro séculos, sen que o noso povo poidera ser "domado", como pretendían os Reis Católicos. A pesares da presión do poder central, das persecucións aos que non se doblegaban, chegando até a morte —como lle ocorreu ao conde de Camiña—; a pesares da inundación de funcionarios e monxes estranxeiros, o espírito galego conservouse puro a través das longas centurias de opresión. E as nosas costumes e a nosa lingoa ficaron na arca sagra que o povo gardou con amor.

En varias ocasións xurdeu con labaradas afervoadas o noso anxeio de liberdade; pero sempre foi afogado, ás veces sen piedade, como nos fusilamentos de Carral.

Houbo un verdadeiro renacemento da galegitude nos derradeiros anos do século pasado. Rosalía, Curros, Pondal, Brañas, Murguía e outros ilustres varóns loitaron por elevar a Galiza á outura que merece, liberándoa dos grillos que a ataban ao centralismo.

Eisí se foi despertando a conciencia do povo, ao impulso dos "bós e xenerosos", que incansabelmente traballaron para que a nosa Terra fose nosa. E chegou o anxeiado momento, que fixo latexar de emoción patriótica os corazóns galegos: o 28 de Xuño de 1936.

Naquel día Galiza viveu horas de eterna lembranza e reafirmou a súa vontade de ser ceibe, "plebiscitando", pódese dicir que por unanimidade —991.476 votos a favor e 6.085 en contra— o Estatuto que lle permitiría de alí en adiante o rexirse por si mesma.

A fatalidade impideu que se realizara o fermoso ensoño que alumeara a ialma galega. Todos sabemos o que pasou e qué forzas infernaes se puxeron ao servizo da reación hispana para destruír a República democrática que nos había doado a ocasión de conquistar os nosos anxeios.

Cada vez máis espranzados, sexa este novo aniversario celebrado en Bós Aires dunha das datas meirandes de Galiza, outro motivo para estreitar as fias dos irmandiños e xuramentarnos para non flaquear xamáis nos intentos de liberar a nosa Terra das cadeas que a agrilloan.

## ( TRADUCCION )

El 28 de Junio de 1936 es una fecha memorable para nuestro pueblo. ¡Una fecha inmortal! En ella el pueblo galego demostró su voluntad soberana de gobernarse por si mismo.

Desde la ejecución de Pardo de Cela, condenado a muerte por defender las libertades de Galicia, nuestra patria yacía humillada y sometida a la corona de Castilla. Certo que Galicia continuaba llamándose reino; pero quien en realidad la gobernaba era el representante —jamás gallego— nombrado por el rey casteliano.

De este modo transecurrieron más de cuatro siglos, sin que nuestro pueblo pudiera ser "domado", como pretendían los Reyes Católicos. A pesar de la presión del poder central, de las persecuciones a los que no se doblegaban, llegando hasta la muerte —como le ocurrió al conde de Camiña—; a pesar de la inundación de funcionarios y monjes extranjeros, el espíritu gallego se conservó puro a través de las largas centurias de opresión. Y nuestras costumbres y nuestra lengua quedaron en la sagrada arca que el pueblo guardó con amor.

En varias ocasiones surgió con llamaradas fervientes nuestro anhelo de libertad; pero siempre fué ahogado, a veces sin piedad, como en los fusilamentos de Carral.

Hubo un verdadero renacimiento de galleguidad en los últimos años del siglo pasado. Rosalía, Curros, Pondal, Brañas, Murguía y otros ilustres varones lucharon por elevar a Galicia a la altura que merece, liberándola de los grillos que la ataban al centralismo.

Así se fué despertando la conciencia del pueblo, al impulso de los "buenos y generosos", que incansablemente trabajaron para que nuestra Tierra fuese nuestra. Y llegó el ansiado momento, que hizo latir de emoción patriótica los corazones gallegos: el 28 de Junio de 1936.

En aquel día Galicia vivió horas de eterna recordación y reafirmó su voluntad de ser libre, "plebiscitando", se puede decir que por unanimidad —991.476 votos a favor y 6.085 en contra— el Estatuto que le permitiría de allí en adelante el regirse por sí misma.

La fatalidad impidió que se realizara el hermoso ensueño que iluminara el alma gallega. Todos sabemos lo que pasó y qué fuerzas infernales se pusieron al servicio de la reacción hispana para destruir la República democrática que nos había dado la ocasión de conquistar nuestros anhelos.

Cada vez más esperanzados, sea este nuevo aniversario celebrado en Buenos Aires de una de las fechas más grandes de Galicia, otro motivo para estrechar las filas de los hermandinos y juramentarnos para no flaquear jamás en los intentos de liberar a nuestra Tierra de las cadenas que la oprimen.

# Mensaxe do Diputado pol-a Coruña, Don Alfredo Somoza o Coletividade Galega

Irmáns galegos:

Xántanos ore, a vosoutros i-o meu espírito, a lembranza do día 28 de Xunio de 1936, que ten pra os fillos da Galiza caracteres de data gloriosa e inesquecible; data xa escrita na Historia da Patria Galega e na que o noso povo, impondo a súa reza vontade, en loita cos inimigos de fora i-os esquecidos do cumprimento do seu deber que tínamos dentro, fixo realidade política a aprobación do Plebiscito Autonómico, un dos actos de máis transcendencia na súa vida como povo.

Aquela data, na que ante uns e outros (a pesares das xeneras de cote latentes, máis ou menos exteriorizadas, e dos desvíos, que tínan mistura de menosprezo pra nós e de irresponsabilidade pra eles), puxemos a proba a nosa capacidade como povo, recadando pra nós o dereito a ser dinos dos nosos destínos. Aquela data, na que ao mesmo tempo que a nosa liberdade, buscábamos, coma de cote xenerosos, conquistar un bastión de seguranza pras liberdades ofrecidas pol-a República.

Destas liberdades e d-esa República, que a garantía a Carta Constitucional, cuos formadores non tendo en conta a verdadeira realidade política de España, coidaron que legislando leixes que se non chegaban a cumprir, abonaba pra destruír a estrutura de unha vella monarquía. E así, un día meuro pra os liberais hispanos, que e foi e sigue sendo de feito pra os homes libres do mundo enteiro, a República i-a Liberdade fóronnos roubadas pol-o fascismo hispanol, en tanto que nefasto cos d-máis feirimos, que val decir: coa reación de todolos

tempo, quen dándose conta do valimento que a nosa Galiza tínna na partida trácica que se propunían xogar, fixo d-ela unha das súas ambizoadas conquistas, porque sabía ben a indefensión en que os gobernos a tínan.

Curo nos costou amostar que cando un pebo quere, non deixa que a súa liberdade lle seia roubada si non é a costa da súa propia vida. E nosoutros os galegos podemos dicir, con doozoso orgullo, que temos gano un dos primeiros postos na loita contra a reación hispanola, conquerido pol-a coraxe dos seus fillos, que pagaron un guión de vidas tan grande, ou máis, que a de calisquer outro povo da España liberal. I-é mester que nosoutros, que soupemos de esta loita doozosa, sanguinenta, que costou vidas, facendas e ilusións, e que aínda fainos andar de pelegrin pol-o mundo adiante, fagamos saber, cada hora e cada día, na terra e no mar, en ouren-te ou en accidente, onde quer que haxa un fillo de Galiza, as novas do noso sacrificio, non somentes pra restituírnos a xustiza que nos é debida, senon pra ensenanza dos inorantes e pra lembranza dos desmemoriados, que queren esquecer os efectos na súa grandeza. Pra isto, e pra que nos paguen sin regateo a deuda que con nosco teñen de nos restituir os dereitos que plebiscitamos e gañamos o 28 de Xunio de 1936.

Lembrémo-lo pasado pra nos servir de guía no viro que temos que percorrer. A historia sirve pra eso. I-o que vos acabo de dicir é historia emocionadora que temos de precurar se non repita, non deixando que nos sigan desorientando, na nosa viaxe coma po-

co, aqueles que aínda agora no desterro, despois das moitas cousas pasadas, nada en si que nada aprenderon, e siguen cogando a unha política de baixa terra e de cativas migallas de partido.

E pra nos ceibar d-estas miserias que eu me poño a pé de vos, pra vos dicir que agora máis que nunca, co corazón i-o pensamento posto na Terra Nai, faise preciso, imprescindiblemente e necesario, que cumpramos co noso deber de gañegos, aruntíndonos a redor do Consello de Galiza n-un feize de contades fraternas, calisquera que sexan as nosas pequenas diferenzas de matiz, pra, á súa vora, levar á súa obra, votando man da forza inxente que a "emigración" ten entre nós e do prestizo con que move a ialma do povo galego, pra salvar a este da paulina da tiranía que o asoballa e pra evitar poida vir outra a sustituíla, loitando sin acougo hustra lograr que se im-plante en España a República Federal, pol-a que o noso país degora dendes de sempre.

Pra a loita que esta laboura demanda, oférvovos de novo a miña arada i-acudo a vós, galegos d-Ar-xentina, novos e vellos, alouminados pol-a acesa fogueira do pensamento que xurde dos sentimentos patrióticos da nosa Raza, a vos pregar ó esforzo que pide esta hora enloitada, trácica, n-un mundo que camiña sin brácula, pra co traballo de que son capaces os vossos valentes peitos, alcendidos pol-a Ideia de recordimento cidadán da nosa Terra, loitar sin descanso hustra faguer tremolar ao vento a bandeira azul e branca, que ergueremos o día da liberazón da nosa Galiza.

¡TERRA A NOSA!

## ANIVERSARIOS

XOSE M. QUINTANS

Co gallo de cumprirse o primeiro aniversario da morte do inesquecible irmán Xosé M. Quintans, o Centro Pontevedrés, en cuas fias desenrolou intensa e patriótica laboura, reaizou un aito recordatorio no Panteón do Centro Galego, onde moran os seus restos. No seu sartego foi colocada unha ofrenda floral.

A nome do Centro Pontevedrés, pronunciou emotivas verbas o seu presidente D. Antolín Dios. A seguido, tamén fixo unha afervoadá lembranza do meritório irmán o presidente da Irmandade Galega, D. Manoel Puente.

EMILIO ESTEVEZ

Tamén se cumpriu recentemente o primeiro aniversario da morte de este outro bó irmán. Un núcreo de amigos adicoulle unha praca de bronce que foi colocada no Panteón do Centro Galego.

No aito da colocación pronunciou un elocuente discurso D. Xosé Rodríguez de Vicente a nome dos compañeiros que con Emilio Estévez aituaron no conxunto artístico "Teatro Pasional e de Ideias". Logo dixo unhas emotivas verbas D. América Lozano e pechou o aito, a nome dos amigos e galeguistas, D. Rodolfo Prada con verbas en galego facendo unha emozoadá lembranza da súa laboura patriótica.



Lo son da zanfona

## ¡De Frente! ¡Mar!...

¡Xa se salvou a naeín!  
Para o cochino gardar,  
axiña vaíse a formar  
en España un batallón.

Batallón de granadeiros,  
todos outos e fornidos:  
falancistas ben mantidos  
e con bós cartos trasceiros.

Para ingresar neste fato,  
pol-o menos hai que ter  
acreditado no haber,  
dalgún roxo, o asceñado.

O comandante sería  
o que na praza de touros  
de Badaxoz, cos seus mouros,  
fixo unha carnicería.

Tenientes e capitáns  
presentaráns a montóns;  
serán dinos dos galóns  
os de máis sanguentas mans.

O cabo de gastadores  
ha de ser Quicipo del Llano:  
por paiaso e por marrano,  
merece taes honores.

¡Qué nota sensacional  
non se dará nos Madrides  
cando empecen os desfiles  
desta tropa sen egoal!

Cun orondo porco ao frente,  
lucindo, d'ouro, o Toisón,  
alá vai o batallón  
causando o pasmo da xente.

Unha chula das Vistillas,  
vendo ao escho de bó unto,  
dirá de seguro ao punto:  
"¡Anda y que te hagan mor-  
[cillas!"]

En cambio, un feixista infame  
—todos da mesma calaña—  
eisramará: ¡Arriba España!  
(¿A España morta de fame?)

Entre traxedia e sainete,  
a hispana nación camiña  
no meio da arrebatía.  
¡Cortadillo e Rinconete!

¿Algún día terán fin  
tanta inxustiza e dooz?  
Xa chegará, acusador,  
para tse porco ruín,  
tamén o seu San Martín.

POR VERDUGUILLO



### PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidade.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,  
forxá, forxade gritos  
Pode oprimir o ferro  
Un corpo enfracado  
Mais as nobres ideas  
E gloriosos instintos...  
Esas... non pode non, o duro  
ferro.  
Nin a morte extingúilos.

EDOARDO PONDAL

Año XXXI — Núm. 469

BOS AIRES XUÑO DE 1949

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## Aitos pra Celebrar o Día de Galiza

DOS CENTROS ORENSANO E PONTEVEDRÉS

A Comisión Conxunta de Cultura dos prestixiosos e importantes Centros Orensano e Pontevedrés, respondendo ao espírito patriótico galeguista dos mesmos, preparou un amplo programa de aitos celebratorios da gran data da nosa patria: Día de Galiza. Serán catro aitos de categoría e de xurdo senso galego, que farán honor ás entidades que os patrocinan.

1º) Exposición de Esculturas en Madeira de Motivos Galegos pol-o laureado escultor pontevedrés don Anxel Alén, no Centro Orensano, Belgrano 2186. A inauguración farase o sábado 23 de Xulio ás 18 horas.

2º) Conferencia do deputado galego don Alfredo Somoza e concerto da Coral "Terra Nosa" na sede do Centro Orensano, Belgrano 2186, o sábado 23 de Xulio ás 21.30 horas.

3º) Banquete en honor do Consello de Galiza nos salons do Centro Orensano, o domingo 24 de Xulio ás 21.30 horas.

4º) Gran festival artístico, de música, cantos e danzas galegas, no Teatro Politeama, rúa Corrientes Nº 1490, o Día de Galiza, 25 de Xulio ás 21.30 horas. A parte musical estará a cargo de unha importante orquesta baixo a dirección do esgrevio mestre don Isidro B. Maiztegui, que, entre outras escolleitas pezas galegas, interpretará, por primeira vez en Bós Aires, o fermoso Poema sinfónico "Saudades", da ourensana Obdulia Prieto Nespereira. A parte de cantos correrá a cargo da prestixiosa Coral "Terra Nosa" que auspicia o Centro Orensano, baixo a dirección do mestre D. Isidro B. Maiztegui.

### BAS SOCIEDADES BETANCEIRAS

Tamén as sociedades betanceiras se dispoñen a festexar dinamente o Día de Galiza. A "Comisión Pro-Relaciones entre las Sociedades del Partido Judicial de Betanzos" orgaizou un gran festival a realizarse o domingo 24 de Xulio, ás 16 horas, na sede social do Centro de Betanzos, México Nº 1660, d-acordo do programa seguinte:

Verbas sobor o significado do Día de Galiza; aituación do conxunto de gaitas do mestre Sixto; danza de mariñeiros; presentación da Coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos", baixo a dirección do mestre Carlos López García; gran Concurso de Muñeira e baile familiar pechando a festa.

Patrocinan o dito festival as entidades: Centro Betanzos, Oza de los Ríos, Casa Coirós, Unidos de Sada, Hijos de Ois e Residentes de Cesuras.

## Lembranza do Plebiscito Galego

(Ven da páxina 1)

él se inclúe, dunha autonomía integral, onde o espírito se ceiba das influencias alleas. E con ese espírito se debía desenrolar a cultura galega, non somentes usando o noso propio idioma, senon buceando no cerne da nosa alma para sacar a luz os nosos valores.

Espirou a composición do Consello de Galiza, que non era a representación dun partido, senon a xuntanza de homes de diferentes ideas políticas, que, elixidos pol-o voto do povo, uníronse para un fin patriótico, no que todos están dacordo: o conxuramento da Autonomía de Galiza por meio da restauración da República. "Mentras Castela e Suárez Picallo —dixo— son galeguistas; Villaverde e Somoza, de esquerda republicana, eu son e pertencerei ao partido agrario de Pontevedra".

Afirmou que nada lle importaba o que dixesen de Galiza os casteláns, pois él tiña a seguri-

dade que cando chegase o momento hestórico, a nosa Terra retomaría o camiño que ficou truncado pol-a traizón que fixo posíbel a nosa guerra civil; entón, pese aos que se opuxesen aos nosos desinios, reazaríase o noso ancestral desexo. Entusiasmas aprausos acolleron estas verbas, que eleitizaron á concurrencia.

Terminou Alonso Ríos asegurando que non haberá de pasar moito tempo sen que Galiza dé mostrás da súa forza e do seu anxeo de liberarse das cadeas que a oprimen.

Ao final do discurso, de verdadeira crarinada de guerra, o segredario do Consello de Galiza foi ardentemente apraudido e felicitado.

### ADHESIONS RECIBIDAS

Ramón Suárez Picallo  
Alfredo Somoza  
Luis Tobío  
Tomás Alvarez Angulo

## Asamblea da Irmandade Galega de Bós Aires

Coa persencia dun bon número de irmandiños, realizouse o día 17 de Xunio derradeiro a Asamblea Xeral da nosa Irmandade, na segredaría social, rúa Belgrano 2186.

As 22 horas deuse comenzo ao aito cunhas verbas do irmán presidente, don Manoel Puente, quen trasmetiu aos persentes un agarimoso saúdo do presidente do Consello de Galiza, irmán Alfonso R. Castelao, que non puido estar persente na xuntanza por atoparse malado dendes fai un tempo. Os conceptos do señor Puente i-as verbas que dixo en representación do Dr. Castelao, foron acollidos con afervoado aprauso pol-os persentes.

Seguidamente, deuse comenzo ao desenrolo da Orden do día, empezando por nomear o presidente da Asamblea e sendo elito pra esto o irmán Dr. Fiz Fernández e, como segredarios os irmáns Manuel López (fillo) e Antón Suárez do Pazo. Pra firmar a acta foron nomeados os irmáns Antón Rodríguez e Leonardo Pereira. Despois considerouse a Memoria, que foi aprobada en xeral e sin discusión; seguidamente aprobouse o Balance e deuse un voto de aprauso á Xunta Executiva pol-a súa laboura.

Logo foron tratados asuntos varios de grandeiro intrés pra Irmandade, os cales foron resolto coa debida consideración e d-acordo ás circunstancias, co bon senso que decote se pon nas resolucións da nosa entidade, ao marxe de todo persoalismo e co máis outo criterio. Todos os asuntos tiveron a merecida discusión e foron aprobados por maioría de votos, a que foi cuase total en d-eles casos.

Como cousa derradeira fíxose a elección da nova Xunta Executiva na súa totalidade, como é de práctica, sendo nomeados por

Xerardo Alvarez Gallego, delegado do Consello de Galiza en Cuba

Xoan López Durán, delegado do Consello de Galiza en México  
Sebastián González, delegado do Consello de Galiza en Puerto Rico

Profesor Martínez López, de Nueva York

Luis Cortiñas, Concepción del Uruguay

Irmandade Galega do Uruguay

Irmandade Galega de Río de Xaneiro

Irmandade Galega de Mendoza

Irmandade Galega de Rosario  
Casa de Galicia de Rosario  
Agrupación de Republicanos Españoles de C. del Uruguay  
Sociedades do Partido Xudicial de Betanzos

Centro de Sangenjo  
Sociedad Hijos de Pol y sus Comarcas

Asociación Ribadavia y su Partido

Asociación Ayuntamiento de Carral

Aituo de locutor o Sr. Suárez do Pazo.

acramación os irmáns que a seguido se mencionan, cos carregos pra os que foron eleitos:

Presidente, Manoel Puente; Vice, Xosé Núñez Búa; Segredario, Avelino Díaz; Pro Segredario, M. Varela Buján; Segredario de Actas, Rodolfo Prada;

Tesoureiro, Jesús Sinde; Pro Tesoureiro, Antonio Gómez. Vocales: Fiz A. Fernández, Tomás Guede e Pedro Campos Couceiro. Suprentes: Xosé Daporta, Florentino Troitino e Rafael Cabo. Revisores de Contas: Marcelino Lastra e Leonardo Pereira.

## UN BRILANTE AITO DO CENTRO LUCENSE EN HOMENAXE AO COMPOSITOR MONTES

Co gallo de cumprirse o 50º aniversario da morte do esgrevio músico galego Xohan Montes, o Centro Lucense de Bós Aires ofreceu un mañifeco concerto de música e canto galegos que se levou a cabo no Teatro Arxentino, o domingo 26 do corrente pol-a mañán.

O aito acadou un éisito extraordinario, tanto no aspecto cultural e artístico como pol-a numerosa e calificada concurrencia que encheu o teatro. Pol-a súa calidade e pol-o nido senso galego que tivo, constituiu o dito festival unha outa nota de orgulo pra a nosa colectividade.

Iniciouse o aito co Himno Galego interpretado pol-a Coral "Terra Nosa", que auspicia o Centro Ourensán. De seguida o presidente do Centro Lucense, señor Indalecio Alvarez fixo a presentación do orador, D. Liño Pérez, encargado de facer o panexírico do mestre Montes.

O irmán Liño Pérez pronunciou en galego unha xurda conferencia de singular valor literario e de fondos conceptos. Dibuxou mañifecamente a esgrevia figura de Montes, eisaltou a súa laboura artística facendo resal-

tar o que ela significou pra o acerivo musical de Galiza e coma afirmazón da nosa nazonalidade galega. A disertazón tivo afervoado son patriótico e foi a miúdo interrompida por fortes aprausos do público. Acostumados de facer un resumen da mesma, pois desexamos ofrecela íntegra no prúsimo número. As moitas felicitacións que recibiu o irmán Liño Pérez pol-o seu traballo, engadimos as nosas moi afervoadas.

Unha boa orquesta, dirixida con gran acerto pol-o mestre galego Agustín R. Blasco, interpretou brillantemente sete páxinas musicas de Montes, que foron moi apraudidas. Esí mesmo recibiu calurosas ovacións a Coral "Terra Nosa" nas interpretacións que ofreceu, baixo a maxistral dirección de Isidro B. Maiztegui, coa xusteza e brillo a que nos ten acostumbrados ise prestixioso conxunto que xa é un dos lexítimos orgulos da nosa colectividade. Tamén Maruxa Villanueva conquiriu aprausos nas dúas cancións de Montes que tivo a seu cargo.

Vaian as nosas felicitacións ao Centro Lucense pol-o tan merecido éisito que tivo o dito aito.

## Morreu Lois Manteiga

Con fonda dor d'ámol-a tristeira notiza. O 25 de maio derradeiro finou Lois Manteiga, enxeo espírito, brillante escritor, bó patriota galego. No mes das frores — no mes en que por tudol-os carrunchos da Terra nai abrollan as froriñas homídes e as frores radiosas, embelecendo a paisaxe e acugulando o ambiente de ecendor—, n-ise mes, aló n-un leito de hospital compostelán, ficou tranzada unha mañifeca frof da galeguidade.

Lois Manteiga viveu sempre acochado na maior humildade, sen preocuparse de facer resoar nas lousas da praza pública o ouro de boa lei da súa ampla cultura, da súa esquisita espiritualidade, da súa prosa reluciente, da súa produción intelectual abundosa e ricaz. E ademais, Manteiga era un home fidel a súa lingua, a cal cultivaba con amore e brillanteza. Nas antoloxías galegas sempre terá un outo posto. Coma lamén o terá na risca de noto dos que foron fideles á patria galega, á democracia e á libértá, ideas pol-os cales sofriu na ialma e no corpo.

O coñecín unha noite n-un café de Compostela. O gran Maside arranzara o encontro. Sólo unha hora poiden gozar da súa compañía. Mais foi d-abando pra que endexamais o poida esquecer. Tiña o físico azamelado pol-a quentura d-unha cruel doenza; nos ollos tiña a brillanteza da súa reaz vda espiritual, mais tamén a neboira d-un fondo a tristramento; seu falar era macio, pro con verbas acelmosas, espresando conceptos mestos e trascendentes. Manteiga parecía non querer ser, non querer pesar, e non embargantes deixaba forte amosega no anxo de quen-o trataba. De seguida se adivinaba n-él unha outa e singular intelectualidade.

Finou Manteiga cando sólo tiña corenta anos. Deben morrer, máis que pol-a febre da súa doenza, pol-a pesadume fivente que lle debía producir iste intre noxento e sombrizo pra a patria, intre de podremia cívica, de sequedade de ialmas, de tráxica escravitude espiritual. Deben morrer de noxo de ter que vivir sen libértá. E foise sen ter a satisfacción de recoller a colleita da súa sementeira literaria e ideolóxica. Pecháronse seus ollos sen ter a ledicia de ollar a liberazón da nosa supra Terra.